

1. Pon os artigos e as contraccións segundo conveña:

___ cativos tiñan moita febre

Aínda que lles tedes medo ___quads e a ___ cempés e a ___ morcegos non fan mal ningún

___ ceo estaba mouro polo trebón que se achegaba

Hoxe non imos ir a ___ escola

Esta restra de chourizos é de _____ veciños. Non a toques.

Non te esquezas de ___ radio que me prometiches

___ pasar ___ carón _____ maceiras imos descansar un pouco, e poderei coller unha ou dúas mazás de__ árbore

Gústame esa sempreviva _____ teu xardín

Temos que ir ___ teu coche, porque o meu está descomposto

Tráeme ___ café ___con ___ pouco de leite

2 Realiza as contraccións que cumpran en cada caso:

Sempre vou (a, a) clase cunha amiga miña

Xa te atendo (en, un) instantiño

Este paraugas é (de,un)señor que o esqueceu

(Con,uns) ladrillos de nada e (con,un) pouco de cemento xa fixo un alpendre

Se vou a Bueu (en,un) bou, vou, e se non vou (en,un) bou, non vou

Como queres a tortilla, (de,un)ovo ou de dous?

Estou (en,unha) aldea que se chama Vilar do Monte

3.Subliña os artigos do primeiro parágrafo do seguinte poema:

Non visites agora o peirao, as brétemas que apreixan
o aire, o navío, a beira do tempo, a mollada lembranza
dos seres amados. Espera. O mar abrirache o camiño. Luirá a pedra.
Espallará o sal azul da noite que abrangue no leito amoroso
dos teus ollos. Abrirá a lúa de abril para bañar en luz o noso corpo.
Beberá a rosada marea dos teus beizos. Abrirache paso ata o centro,
ata o cerne do planeta.

Se alí morren as praias de o corazón, non te preocupes. Se se desborda
o vento interno por o costado. Se se agachan os tempos, os camiños,
as pegadas. Se se borran as feridas a o recibir o mar, o seu retorno,
non te preocupes. O corazón ficará. E con o mouro viño de os días
ancorados,
con o pardo retorno de as vides de setembro, de o bronce da uva,
serás o instante. Serás o tempo que ti amabas. O peirao último

de o meu barco de magnolio. O leme, só, o teu corazón florecendo.

Lugar de Noso de Miguel Bugallo.

4.Substitúe pola forma do posesivo que cumpra en cada caso:

Na viaxe vou detrás (de vós) _____ que non coñezo ben a estrada

Plantouse diante (del) _____ e non a deixaba marchar

Está xusto detrás (de ti) _____. Non o ves?

Podes pasar diante (de min) _____ que eu non levo présa

Carme quere ter todos os fillos arredor (del) _____ polo Nadal

Detrás (de nós) _____ virán outros peores

Que grande está o (de vós) _____ fillo!

Podes pasar pola (de min) _____ casa esta noite?

Alí podedes ver as (de nós) _____ vacas.

Onde aparcaron (de vós) _____ coche?

5. Indica os valores dos demostrativos.

1. Meu curmán ten un aquel especial
2. Co aquel do partido do Celta saíron antes da hora.
3. Vai aquelar a túa habitación.
4. Estes días,ando moi aqueloutrado.
5. Véxolle pouca aquela a esta programación.
6. Con que aquel me contaba as súas aventuras en África!
7. Non o vas conseguir nin por esas!
8. Esa si que che foi boa, cóntalla a outro!
9. Daquela eu tiña 20 anos

6. Indica os valores dos posesivos

1. É moi de teu deixar todo espaxiado polo chan.
2. Teño can de meu
3. Deica a Rúa hai os seus cen quilómetros.
4. Os seus non a deixan saír despois das dez da noite.
5. Mercaron cadanseu libro
6. Non creo que volvan xa ao seu.
7. Tomo todos os días o meu zume de laranxa.

7. Escribe un exemplo de posesivo con vocativo e outro con nome de parentesco. Irían precedidos de artigo...?

8. Sinala os demostrativos e posesivos no seguinte texto.

Os médicos están a enganarnos mais eles non o saben. Os visitantes médicos están a enganar aos médicos, mais tampouco o saben. As compañías farmacéuticas están a enganarnos a todos, alguén dentro destas sábeo. Isto vén a conto porque, segundo parece, é probable que algún dos medicamentos que nos receitan non fagan o efecto desexado ou polo menos non coa eficacia que proclaman os posuidores das patentes. Esta pouco saudable nova é unha das lecturas que se poden extraer dun traballo realizado por uns investigadores da Universidade de Toronto e publicado recentemente no Bristish Medical Journal.

A principal conclusión deste traballo, non de todo innovadora, é que cando un estudo científico para o desenvolvemento dun novo fármaco está financiado por unha compañía farmacéutica, o resultado tende a favorecer o produto fabricado por esta compañía –cunha probabilidade de 4 a 1-. Este desequilibrio non existe nos estudos financiados por outras fontes. Ou sexa, existe unha presión económica, unha man pantasma, que pode dirixir experimentos en principio puramente científicos, e por tanto puramente obxectivos, e trocalos en ciencia mal feita para favorecer os intereses das grandes compañías.

Os médicos poden facer pouco ou nada. A pesar de que, coa súa mellor vontade, receiten os fármacos que realmente cren que son os mellores, poden estar confundidos. Mais non confundidos polos visitantes médicos, senón pola letra pequena dos informes científicos. Con esta prostitución do proceso de creación científica todos perden, empezando polos seus pacientes. Uns perden credibilidade e outros a súa saúde.

Moitos laboratorios das nosas universidades non teñen máis remedio que aceptar succulentas ofertas das grandes compañías farmacéuticas para seguir investigando xa que os gobernos son extremadamente inútiles para comprender que a investigación científica é algo que nos beneficia a todos. A mellor solución é convencer os políticos de que o seu investimento en ciencia é beneficioso para todos. O problema é que as ciencias básicas funcionan a longo prazo, mais os políticos non.